

JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que o PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto "A liña do galego 2021" e aprobación do correspondente convenio de colaboración

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de xullo de 2021.

2.- Aprobar o convenio con A Mesa pola Normalización Lingüística, CIF G15154610, correspondente á subvención nominativa, por importe de 34.000,00 €, porcentaxe de financiamento do 80,00% para financiar A liña do galego no ano 2021, de acordo co texto de convenio que se achega no anexo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2022, autorice o correspondente orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (A MESA) CIF G15154610 PARA FINANCIAR A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2021

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de A Mesa pola Normalización Lingüística

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de máis de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega. Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

“A liña do galego” é un proxecto necesario, singular e excepcional porque sen negar os evidentes avances, o proceso de normalización non chegou ao seu fin. O obxectivo desta liña é romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego. Neste sentido denuncian incumprimento de acordos e lexislación nacionais, estatais e internacionais en relación á lingua.

A liña é un servizo gratuíto dirixido a toda a poboación que desde 2007 atende consultas e dúbidas relacionadas cos dereitos lingüísticos da comunidade galego falante e tramita queixas cara ás institucións, empresas, etc, que os vulneran; así como parabéns a establecementos, entidades e empresas que atenden en galego, que dean pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

Trata cuestións vinculadas coa normalización lingüística, pensadas para dar solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

Dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación relacionada co uso do idioma.

A App A liña do galego é unha ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego, para Apple e Android que permite o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda para os seus usuarios.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e A Mesa pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e A Mesa pola Normalización Lingüística CIF G15154610, para financiar A Liña do galego 2021 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) servizo gratuito que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App para Android e Apple “A liña do galego”, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

Ingresos previstos

A Mesa pola Normalización Lingüística	Achegas propias da asociación.	8.500,00€
Deputación da Coruña	Subvención Deputación da Coruña	34.000,00€
TOTAL		42.500,00€

Gastos previstos

App A Liña do Galego	Renovación e actualización da App para móbiles e tabletas Android e Apple	3.000,00€
Persoal	Nóminas correspondentes a un ano de dúas persoas para atención, xestións, asistencia xurídica, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego	32.858,19 €
Deseño	Deseño do informe da Liña do Galego e deseños publicitarios App	3.000,00 €
Copias e impresións	Copias dos formularios empregados na xestión e impresións do informe anual en fotocopiadora de <i>renting</i>	3.641,81 €
TOTAL		42.500,00€

Cantidade total orzada: 42.500,00 €

Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 34.000,00 €

Coeficiente de financiamento: 80%

A Mesa pola Normalización Lingüística certifica que financiará con fondos propios os restantes 8.500,00 € (20%).

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **34.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Mesa pola Normalización Lingüística obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a A MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a A MESA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a MESA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta

obriga de A MESA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a A MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de A MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2021** como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a MESA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a A MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a A MESA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por A MESA na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a MESA terá dereito ao aboamento

dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Mesa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, A MESA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, A MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a MESA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de

mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitalle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2022, autorice o correspondente orzamento

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da

Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- *Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.*

4.- *Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2022 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2022. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.*

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña.

O secretario: José Luis Almu Supervía (asinado dixitalmente)

O presidente: Valentín González Formoso (asinado dixitalmente)